

# Patrimonio histórico:

- Eido dos Lameiros.
- [O Muiño Rupestre do Corrubelo.](#)
- Murallas do Monte do Boi.
- [O Petroglifo da rúa do Conde.](#)
- Carabela Pinta.
- Virxe da Rocha.

## O Muiño Rupestre do Corrubelo.

Dende o pasado día 9 de decembro de 2002, o instituto conta cun novo recurso a súa disposición. Trátase dun ben arqueolóxico; a base dun equipo de muiñada manual, que pola súa antiguidade e rareza é digno de figurar nas instalacións de calquera prestixioso museo. Esta é a crónica do seu rescate e do estado das negociacións emprendidas para que poda quedar entre nós.

Un día de finais do novembro pasado, agoniosas datas do Petroleiro Prestige, botamos en falla un pequeno petroglifo dos coñecidos na Serra da Groba. Tiña sido roubado. Ademais no mesmo lugar da serra, no *Corrulebo*, en terras de Oia, corría perigo de ser saqueada tamén outra rocha, esta máis grande e pesada pero transportable e moito máis valiosa, por rara, xa que foi usada como muiño durante o proceso de neolitización; fai de uns 6000 a 4000 anos de antiguidade. Adiantándonos @s furtiv@s, decidimos rescatalo do seu lugar orixinal e depositalo na entrada septentrional do Instituto, centro público máis preto e axeitado para o seu depósito legal.

Informadas as autoridades competentes, visitárono o Muiño Rupestre do Corrubelo varios arqueólogos e outros funcionarios, ós que tamén se lles guiou ata o lugar orixinal, xa que, e non nos sorprende en absoluto, a estación rupestre deste monte de Oia era clandestina, e dicir, a Xunta, que é quen ten a obriga legal, non tiña recoñecido oficialmente a súa existencia. O patrimonio arqueolóxico pode ser protexido, divulgado e disfrutado socialmente pola cidadanía. Pero tamén pode ser desprezado, saqueado, destruído ou censurado. Neste caso, ¿permitirá a Xunta a definitiva musealización deste Muiño Rupestre no Instituto?

### **Pero ¿que é un Muiño Rupestre?**

Non vos debe estrañar que non vos soe o que é un Muiño Rupestre. Mesmo se tedes a carreira de Historia tampouco vos tería por que soar. Só na bibliografía especializada se recolle o tema e, a maioría dos libros, simplemente os iñoran.

A razón principal deste descuido quizais está en que só se coñecen dende fai uns vinte anos, por máis nunha área moi concreta do país (entre o Morrazo e o río Miño, no suroeste galego) e por riba é moi doado confundilos coa arte rupestre (os petroglifos do Grupo Galico de Arte Rupestre) xa que aparecen en lugares comúns e mesmo coincidindo gravados (debuxos) con muiños (artefactos).

Precisamente, un rasgos deste tipo de muiños prehistóricos é que, salvo en dous casos, neste que temos no Insti e máis no do *Outeiro das Campanas* (Camos), estas bases para moer fixéronse en rochas fixas. Non són móbiles.

Pola súa forma, estes muiños caracterízanse por seres unha pileta navicular máis ou menos rectangular, froito da moenda manual dalgún produto que, polo momento, non se pode concretar. ¿Cereal, landras...?. Esta pileta, según o caso, pode estar enmarcada ou non por un ou dous compoñentes máis pequenos con sinais de terse machucado o produto dentro deles antes da moenda. No esquema podedes ver o modelo e tipos estudiaados da man de quen primeiro reparou neste durmintes ou bases de muiñada a man. Seguindo a este autor vigués, o tipo do muiño rupestre do *Corrubelo* sería o número 4.

Como terceira característica acontece tamén que na maioría dos casos nunha mesma rocha agrúpanse varios muiños rupestres. Dous, tres, catro e ata vinta e un como é o record do grupo de Monteferro. Ademáis, échevos propio deles o aproveitar abeiros naturais e mesmo covas. Tal como acontece, entroutros, en *Coto da Moura* (Cháin) ou *Peneites* (Chandebrito) onde se localizou a única moa deste tipo de muiños. No concello de Baiona coñécense cinco sitios con muiños deste tipo: na *Fonte da Vaca* (Baredo), no *Outeiro das Pereiras* (Baredo), no *Regueiro do Retruco* (Baíña), no *Grichouso* (Belesar) e nas proximidades da *Cova da Moura* (Belesar). Rematando xa, incluímos a planimetría do muiño que polo momento temos depositado no instituto e máis o dun dos petroglifos da zona. É arte rupestre non naturalista, composta por cazoletas e coviñas, algúns círculos e varios sucos liñais de fácil visión e difícil interpretación. O muiño rupestre atopábase orixinalmente a sete metros ó poñente deste petroglifo.

**Ref.** Revista *LERIAS* do IES "Primeiro de Marzo", nº 11 (2002-2003)

**Asinado:** Xosé María Bouzó e Xavier Groba. Profesores no IES "Primeiro de Marzo".

Colaboradores e asesoramento: José Bernardino Costas, Reinaldo Costas, Arturo Fernández, Gilberto Manso, Julia Rodríguez Penedo; Consello Escolar IES; Clube Espeleolóxico Maúxo.

## O Petroglifo da rúa do Conde.

O 22 de xaneiro deste ano 2000, sábado, saltaba nas follas da prensa diaria (La Voz de Galicia) a noticia do descubrimento realizado por dous veciños de Baiona. Paseando os seus cans, observaron como entre os restos de pedras, ladrillos e outro entullo tirado no Aral, se podían ver distintos restos arqueolóxicos, entre eles, un interesante petroglifo.


As primeiras xestións realizadas por Ramón Rodal e Pablo Comesaña, conseguiron que o Concello de Baiona se adiantara a posibles rateiros do patrimonio e retirase de alí a pedra gravada. Mentras tanto, un grupo de profesores e alumnos do Instituto, alarmados pola situación que alí se podía observar, decidiron trasladar ó centro aqueles restos óseos, líticos e cerámicos que se distinguían por riba do lixo. Inmediatamente deuse conta dos feitos á delegación provincial da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia (que son os que teñen as competencias neste tipo de casos). Ós tres días escasos, recibimos a visita do técnico da Xunta, o arqueólogo Xulio Carballo Arceo, quen valorou moi positivamente a situación e determinou que, nun principio, os restos recuperados podían quedar depositados nas instalacións do Instituto, tal e como lle suxeriron varios profesores e profesoras.

Na mesma mañá, e logo detectivescas xestións, déuse coa procedencia dos restos recuperados que, a grandes trazos, son maioritariamente testemuñas da vida cotidiá das idades Moderna e Contemporánea de Baiona, como se sabe porto, forte e vila de grande vitalidade entre os séculos XVI e XIX. En concreto, o achádego viu dado polas obras públicas que se realizaron na rúa do Conde. Ante esta situación, consta que se ordeou a paralización preventiva das obras para valorar o alcance arqueolóxico da zona pero... a historia resolveuse cos traballos rematados sen máis e, seguramente, amortecendo a merecida sanción. O mal exemplo que se da cando as obras públicas non contan cos oportunos servizos arqueolóxicos que as supervisen, máis aínda nunha vila con tanta historia como esta, compeusouse neste caso, codio eu, cando o propio Concello trasladou o petroglifo recuperado ó Instituto e se interesou na musealización dos restos.

Hai que recordar que en todo o Val Miñor non hai sala pública algunha adicada á musealización do patrimonio arqueolóxico, estando os moitos restos prehistóricos e históricos recuperados en Baiona dispersos nos almacéns dos museos de Pontevedra e Vigo.

### O PETROGLIFO DA RÚA DO CONDE É UN XOGO MEDIEVAL

O petroglifo en cuestión é o máis interesante do procedente da rúa do Conde. Non se trata dun gravado prehistórico e ó aire libre, cousa máis habitual nos nosos montes. Trátase do taboeiro dun xogo medieval de estratexia coñecido co nome de ALQUERQUE DE NOVE. As regras explícanas Fernando J. Costas e Jose M<sup>a</sup>. Hidalgo:




*«Este xogo, tamén denominado "O Muiño", tal e como o coñecemos na actualidade, é para dous xogadores, con nove fichas de man para cada un e sorteando quen principia. A partida ten dúas partes diferenciadas. Na primeira, cada xogador sitúa alternativamente as súas fichas nos puntos libres do taboeiro, coidando formar liñas de tres ó estilo do "pai-fillo-nai" e máis evitando que o faga o contrario. Cada vez cun xogador faga tres en liña consegue "un muiño" escolle, á súa elección, unha das fichas do contrincante no taboeiro e a retira, eliminándoa da partida. Cando ámbolos dous xogadores teñan esgotadas as fichas de man, comenza a segunda parte. As pezas móbense de forma adxacente, buscando facer tres en raia e evtando o muiño do contrario. Ó igual có principio, cada nova liña produce a eliminación dunha das fichas do contrario. Mentras teñamos chapas libres, é dicir, non formen muiño, serán estas as de pago. Os muiños pódense abrir. Gaña a partida o primeiro que reduce ó contrario a dúas pezas, ou ben quen inmobilece tódalas fichas do outro.»*

Non son moitos os taboerios que se coñecen deste tipo. Os máis cercanos os temos ó aire libre no *Monte do Castro*, en Xián, Gondomar (dous casos), un na *Serradiña*, Mougas, e outro no mesmo concello de Oia no lugar da Portela, Burgueira. Son moi interesantes o que se conservan en construcións relixiosas do medievo: un nas bancadas interiores da Catedral de Ourense, outro nunha bancada interior da Catedral de Tui e o banco exterior da igrexa de Gomariz, Leiro, provincia de Ourense. A este contexto románico se lle unen os coñecidos en castelos ou ruínas destes, como os dous que se observan en Monte Lobeira, Vilanova de Arousa, un en Casaldourado, Lárez,

Pontevedra e outro no "Bico do Castelo Grande" en Noia. Calcúlese unha cronoloxía medieval: entre os s. IX e XIII.

- O taboeiro de alquerque de nove atopado en Baiona ten ademáis dúas peculiaridades que o fan singular en relación os coñecidos con anterioridade:
- O granito no que está gravado o taboeiro é un gran canto rolado. É dicir, aínda que pesa ben media tonelada, en teoría (e na práctica) é mobil: usando rolos, nunha carreta, etc.
- Ó lado do petroglifo obsérvase unha coviña que, probablemente, servise de "cárcere" para as fichas eliminadas.

Finalmente aproveitamos para lembra-la proximidade de moi interesantes petroglifos prehistóricos (V-IV milenios a. do presente) en Baiona, así como que, entre aqueles outros de época histórica, como é o caso que aquí nos ocupa, contamos con outros xogos de fichas gravados nas rochas ó aire libre; por exemplo, aqueles que datan dos tempos do Imperio Romano.



Axedrezado de época romana no "Castro de Morade", Baíña, Baiona.

Fonte: Costas e Hidalgo, 1997

Entre estes destaca o do Castro de Morade, en Baíña. Trátase dun exemplo de taboeiro do coñecido como *Ludus Latrunculorum* (Xogo dos Ladronciños) que neste caso ten a importancia engadida de contar cunha inscrición latina datada entre os séculos I e III da nosa Era.

**Para saber máis:**

Costas Goberna, F.J. e Hidalgo Cuñarro, J.M., *Los Juegos de Tablero en Galicia*. Edita: Celticar, Vigo 1997.

Costas, F.J., Hidalgo, J.M., Peña, A. de la, *Arte Rupestre no Sur da Ría de Vigo*. Edita: Instituto de Estudos Vigueses, Vigo 1999.

Costas, F.J., Novoa, P. e Albo, J.M<sup>a</sup>. *Arte Rupestre de Baiona*. Edita: Concello de Baiona 1990.

Peña Santos, A. de la, *Os Petroglifos Galegos*. Edita: A Nosa Terra, Vigo 1999.

Ref.: Revista *LERIAS* do IES "Primeiro de Marzo", nº 8 (1999-2000), Xavier Groba, profesor en Baiona.